

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS

ÁMBITO SOCIAL

1. Introducción e Contextualización

Este curso é de transición entre a derogación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa e a aprobación da **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación(LOE), a **LOMLOE**.

A educación de persoas adultas ten a finalidade de ofrecer a todos os maiores de dezoito anos a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Inmediatamente despois, o texto da lei enumera os obxectivos da educación de adultos, que son, entre outros, adquirir a formación básica, facilitar o acceso aos diferentes niveis do sistema educativo, mellorar a cualificación profesional, desenvolver a participación na vida social e corrixir os riscos de exclusión social.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, determina na súa disposición adicional cuarta que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por vía regulamentaria poderá establecer currículos específicos para a educación de persoas adultas que conduzan á obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

A publicación da **ORDE DO 20 DE MARZO DE 2018** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu Currículo na CAGZ (DOG, 12 abril) ven a modificar determinados aspectos das ensinanzas de adultos conducentes á obtención do título de Graduado en ESO.

A educación secundaria para as persoas adultas estrutúrase tamén en dous niveis, con recoñecemento académico en todo o Estado. En cada nivel intégranse tres ámbitos de coñecemento, os ámbitos de comunicación, social e científico-tecnolóxico, organizado cada un deles en catro módulos, aos cales se incorporan os aspectos básicos das materias da educación secundaria obrigatoria previstas na disposición derradeira primeira do Real decreto 562/2017, do 2 de xuño, que modifica a disposición adicional cuarta do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro.

O Departamento de Xeografía e Historia aborda no Nivel II os Módulos 3 e 4.

O ámbito social ten como finalidade que o alumnado perciba, interprete e describa adecuadamente o mundo actual, para participar á vez que configura valores persoais e cívicos valiosos.

O logro deste fin implica a progresiva adquisición de habilidades para acceder á información e realizar unha elaboración persoal do coñecemento, observar a realidade, adoptar criterios válidos para a toma de decisións, desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal e relacionarse positivamente cos demais, mostrando actitudes de responsabilidade e respecto que contribúan a mellorar a súa calidade de vida e o benestar colectivo.

Contribúe ao entendemento que todo iso require o coñecemento do espazo onde se desenvolven as sociedades, así como a comprensión da sociedade, a súa organización e funcionamento ao longo do tempo.

2. Contribución do ámbito á adquisición das competencias clave.

– Comunicación lingüística (CCL).

A aprendizaxe deste ámbito social require a interacción social, a interpretación e expresión da concepción do mundo, para o que é esencial o desenvolvemento da competencia lingüística. O alumnado adquire coñecementos sobre a organización e o funcionamento da sociedade en que vive á vez que se familiariza con diferentes estilos comunicativos formais.

A consecución dos estándares de aprendizaxe propostos require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua, que implican o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con textos en varios formatos, nos cales se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, tendo sempre presente que a linguaxe é un instrumento humano básico porque permite razoar.

– Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

O desenvolvemento do ámbito social contribúe á adquisición da competencia matemática xa que o alumnado aplica procesos de razoamento lóxico para comprender o funcionamento básico do sistema económico e político actual, e a elaborar plans de acción que permitan alcanzar obxectivos persoais e profesionais e mellorar a calidade de vida. Ademais, fomenta a capacidade crítica e a aptitude apropiada para a elaboración de xuízos fundados ao abordar problemas cotiáns.

Tanto a interpretación de acontecementos e fenómenos como a experimentación no ámbito das ciencias sociais implican a comprensión e o manexo do sistema numérico, a realización de cálculos, a estimación e o cálculo de magnitudes, a situación no espazo, o tratamento e a representación da información e a valoración do azar e da probabilidade.

Necesitan a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos, demostrando os resultados matemáticos e valorando as solucións pola súa fiabilidade e veracidade. Así mesmo, favorecen o incremento de destrezas para abordar a

incerteza, o tratamento dos datos e os razoamentos cualitativos e cuantitativos de maneira lóxica e argumentada para establecer relacións, para deducir conclusións coherentes ben fundamentadas a problemas cotiáns e para ampliar actitudes relacionadas coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia, como a conservación de recursos naturais e outras cuestións ambientais.

Todo iso contribúe ao desenvolvemento das capacidades necesarias para xerar coñecemento intrínseco ao método de investigación das ciencias sociais.

– Competencia dixital (CD).

O estudo das ciencias sociais implica necesariamente o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación e, por tanto, leva ao incremento das habilidades de procura, selección e recompilación de información e a desenvolver unha actitude crítica para analizar e interpretar a validez e fiabilidade do contido, co fin de resolver problemas, avaliar novas fontes de información e motivar a curiosidade polo coñecemento.

Ademais, este ámbito social contribúe á ampliación de capacidades comprendidas na competencia dixital para seleccionar os soportes máis apropiados para observar, elaborar hipóteses, informarse, experimentar, solucionar todo tipo de problemas, executar as tarefas técnicas adecuadamente e elaborar conclusións ben fundamentadas.

Propón aprendizaxes mediante o uso dos diferentes recursos da tecnoloxías da información e da comunicación de maneira responsable, fiable e segura, tanto para resolver problemas como para producir novos contidos e comunicalos.

– Aprender a aprender (CAA).

A metodoloxía didáctica propia do ensino deste ámbito social prepara para formarse permanentemente ao longo da vida mediante propostas que permiten ao alumnado aprender a observar e expor cuestións sobre a realidade, a informarse, a estudar, a realizar unha elaboración persoal do coñecemento, a reflexionar e a responder as cuestións que se formulan na súa vida cotiá. Todo iso esperta a curiosidade, incrementa a motivación para incorporar novos coñecementos e facilita a execución de estratexias metacognitivas para unha aprendizaxe autónoma eficiente.

Desenvolver proxectos específicos das ciencias sociais coadxuva a conseguir un nivel relevante en autonomía e eficacia da propia aprendizaxe, ao que se chega mediante traballos individuais e grupais. A formación en diferentes áreas do saber científico require un proceso introspectivo para valorar e relacionar os intereses e coñecementos previos con novos saberes e empregar todas as estratexias de estudo e traballo aprendidas: escoita activa, lectura, comprensión, análise, síntese, estruturación da información, elaboración persoal do saber, aplicación do coñecemento etc.

– Competencias sociais e cívicas (CSC).

A análise e a reflexión sobre os contidos do ámbito social contribúen a afianzar a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e axuizar acontecementos, feitos, fenómenos, comportamentos, hábitos e valores para relacionarse socialmente mediante o diálogo, a cooperación e a participación a nivel local, nacional e europeo. Implican a toma de decisión ben fundamentadas e argumentadas para a comprensión e expresión de diferentes puntos de vista. Potencian actitudes inspiradas no exercicio da liberdade, o respecto, a tolerancia, a igualdade e a non discriminación. Deste xeito, a persoa prepárase para participar na actividade social e cívica, de acordo con valores socialmente establecidos, e axúdaselle a tomar conciencia democrática.

– Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

As tarefas necesarias para dar sentido aos contidos do ámbito social fomentan a capacidade de transformar ideas en actos, partindo de habilidades e destrezas persoais, ao incluír estratexias metacognitivas e procedementos que dotan as persoas adultas de recursos para desenvólvense adecuadamente e afrontaren de maneira autónoma retos persoais, sociais, académicos e laborais de moi diversa índole. Consecuentemente, promóvense aptitudes para aproveitar a información, desenvolver ideas, resolver problemas e presentar conclusións innovadoras.

Por outra banda, potencian a capacidade de análise, o pensamento crítico, a resolución de problemas e a toma de decisións do individuo, ao propoñer a interpretación e a análise crítica da información, coñecementos e acontecementos relacionados coas ciencias sociais.

Deste xeito, favorécese o aumento da capacidade requirida para afrontar a incerteza, deseñar e poñer en práctica plans de acción eficaces, propoñendo e argumentando solucións a diferentes problemas cotiáns, económicos e sociais, con autonomía e iniciativa persoais.

– Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A persoa enriquece a súa competencia cultural ao coñecer, comprender, interpretar e gozar do labor humano, abordándoo como obxecto de estudo e como fonte de inspira-ción de creacións artísticas. A intervención humana na natureza e a cultura dos pobos póñense de manifesto na arte cos propósitos de informar, educar, crear e recrearse. A tecnoloxía é un constituínte esencial da cultura actual e, por iso, desempeña un papel fundamental como obxecto de estudo e representación e como instrumento de creación artística.

Este ámbito social realiza achegas importantes á competencia en conciencia e expresións culturais ao propoñer a reflexión e a posta en práctica de actitudes de respecto, aceptación e desfrute das diferentes manifestacións culturais e artísticas, valorando a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades, pasadas e actuais, locais e universais, cun espírito aberto, positivo e solidario.

Os contidos do ámbito social contribúen ao coñecemento do medio físico, dos espazos humanos, ao desenvolvemento da ciencia e da tecnoloxía, ao funcionamento económico e á evolución histórica da humanidade. Tratan saberes de diversas disciplinas: xeografía, historia, socioloxía, demografía, economía, ecoloxía, arte, arqueoloxía etc. Procuran favorecer a comprensión dos acontecementos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, a análise dos procesos que dan lugar aos cambios históricos e á reflexión sobre experiencias colectivas de todos os tempos ata a actualidade cunha visión de futuro.

Axudan a ter unha visión clara da importancia do comportamento económico, individual e colectivo das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e organización dos bens e servizos e a distribución dos recursos.

As propostas didácticas para o ensino e a aprendizaxe deste ámbito social deben enfocarse a dotar a persoa de ferramentas que lle permitan levar a bo termo proxectos persoais e profesionais, individuais e colectivos, similares aos posibles retos presentes e futuros da súa vida diaria. En todo momento se debe ter presente a compoñente social do proceso de aprendizaxe e deberán aproveitarse todas as oportunidades para formar o individuo en aptitudes de cooperación e de comunicación con persoas do seu contorno, que favorezan a adquisición de condutas asertivas e colaboradoras.

Así mesmo, é necesario que se expoñan proxectos que contribúan a que o alumnado desenvolva unha imaxe axustada de si mesmo e do contorno en que se desenvolve, identifique necesidades e intereses propios e alleos e os satisfaga, pense e acometa plans persoais, académicos e laborais. As tarefas e as actividades contidas nos proxectos presentarán exercicios de reflexión que potencien procesos de pensamento complexos e análise de feitos e situacións, para detectar causas, implicacións e consecuencias.

Deben facilitarse instrucións para aprender a observar, recoñecer, examinar, analizar, discernir, considerar, estudar, sintetizar, expresar, explicar, representar e expoñer de maneira coherente emocións, pensamentos, experiencias e ideas. Ter en conta as instrucións axudará o alumnado para ser máis capaz de atender, concentrarse, autorregularse, escoitar activamente, empregar a linguaxe interna, meditar, deliberar, especular, cooperar e axuizar para resolver problemas reais. Os procesos emprenderanse empregando servizos e recursos

humanos e materiais ao alcance do alumnado na súa vida cotiá a través da oferta de entidades, institucións e administracións públicas e privadas.

As tecnoloxías da información e da comunicación, usadas como ferramentas de traballo nos procesos de aprendizaxe, serán fundamentais para facilitar ao alumnado o acceso ao currículo e a resolución de problemas de aprendizaxe. Doutra banda, as novas tecnoloxías constituiranse en contidos esenciais dos proxectos pola súa importancia destacada na sociedade actual.

3. Estándares de aprendizaxe.

Os estándares de aprendizaxe propoñen comprender, interpretar textos e comunicar, mediante unha linguaxe multimedia en diferentes sistemas de representación, o coñecemento académico e científico procesado e elaborado, destacando aspectos básicos da comunicación, a exposición, o diálogo e a argumentación. Especifican accións clave do proceso de elaboración persoal do coñecemento e a investigación, tales como observar, analizar, diferenciar, estruturar, coñecer, describir, sintetizar, investigar, relacionar, asociar, cuestionarse, explicar, interpretar, deducir, demostrar etc. Inclúen o uso responsable e eficaz das novas tecnoloxías para buscar e xestionar información, empregar técnicas de estudo e traballo, resolver problemas e aplicar o coñecemento. O seu logro implica a mellora do benestar individual do alumnado e achegas importantes ao ben común, porque leva a actuacións responsables, ao xuízo crítico baseado en valores positivos e ao desenvolvemento moral.

Os criterios de avaliación están formulados de maneira que permitan valorar o grao de consecución de cada unha das competencias en relación cos contidos do ámbito social. Teñen o propósito de guiar a análise das posibilidades que ten cada alumno e alumna para coñecer, comprender e relacionarse dun modo positivo, para si mesmo/a e para os demais, co mundo social. Isto implica actuar con autonomía e responsabilidade; comprender,

interpretar e describir o mundo e valoralo; ser consciente do impacto da evolución histórica no mundo actual; asociar eventos coas súas causas e consecuencias; utilizar os recursos máis habituais para buscar información e resolver problemas; tomar conciencia e comprender os valores implícitos no benestar individual e colectivo; comprometerse e participar nas contornas próximas e afastadas de acordo cos devanditos valores.

4. OBXECTIVOS XERAIS

A educación básica para persoas adultas oriéntase a desenvolver as capacidades que lles permitan:

- a) Formarse unha imaxe adecuada de si mesmos, das súas características e posibilidades, valorando a súa experiencia, o esforzo e a superación das dificultades.
- b) Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, a sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- d) Valorar criticamente as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio e doutros existentes, discernindo a súa validez.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- f) Desenvolver e consolidar o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes nas que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratala de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.
- j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.
- k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora como elemento determinante da calidade de vida.
- l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.
- m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, especialmente o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.
- n) Entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto para o exercicio deste dereito, en especial no referente ao uso da lingua galega.

o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.

p) Combinar a cualificación técnica e profesional adquirida cun comportamento social e coa capacidade de afrontar e solucionar problemas.

5. NIVEL II, Módulo 3. Desenvólvese de setembro a febreiro.

CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR O NIVEL.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE	SECUENCIACIÓN (1ª AVA – 2ª AVA)	
Bloque 1: Historia						
C D L M	A Ilustración e a revolución científica. O alcance das novas correntes en España e Galicia	Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e América	<p>Analiza a obra de autores clave do inicio da Idade Contemporánea e a súa influencia cultural, social, política e económica.</p> <p>Valora o alcance da Ilustración e da R. Científica dos séculos XVII e XVIII</p> <p>Manifesta unha actitude crítica e de rexeitamento ante as manifestacións culturais que supoñan unha discriminación de</p>	CSC CAA CCEC	√	

			calquera tipo			
C E F I	O século XVIII: as revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime	Comprender o inicio da Idade Contemporánea desde unha perspectiva económica, social e política	Narra de xeito sintético os principais feitos das revolucións burguesas do XVIII, dando explicacións causais e valorando vantaxes e inconvenientes	CSC CAA CCL	√	
	Do imperio napoleónico á época da Restauración	Analizar as dificultades da diplomacia europea e o alcance dos conflitos na época napoleónica	Analiza as relacións entre os reinos europeos que conduciron á guerra	CSC CCL	√	
C E I I	A Revolución Industrial.	Describir os feitos relevantes da Revolución Industrial, tendo en conta o seu encadeamento causal e o tipo de progreso que implica, e analizar os conseguintes cambios económicos en España e Galicia.	Analiza a evolución da industrialización en España e en diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. Compara o proceso da Revolución Industrial en Inglaterra co doutros países. Valora a industrialización en España e Galicia e a súa repercusión política e económica. Detecta e expón de maneira sintética os beneficios e inconvenientes que xerou a Revolución Industrial tendo en conta a situación laboral dos sectores máis desfavorecidos.	CSC CAA CSC CMCTT CSC CACT CCLCSC CAA	√	
C F I	Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: liberalismo e nacionalismo. Alcance dos procesos revolucionarios en España e Galicia.	Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	CSC CAA CCL	√	
	Avances científicos e tecnolóxico no XIX. A arte.	Valorar os movementos culturais e os principais avances	Elabora un eixe cronolóxico cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.	CSC CD CAA	√	

		científicos e tecnolóxico do século XIX, consecuencia das revolucións industriais.	<p>Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.</p> <p>Comenta analiticamente diferentes tipos de obras de arte do século XIX.</p>	<p>CSC CCEC</p> <p>CSC CCEC CCL</p>		
B C D I	A expansión imperialista. A conquistado mundo por parte das potencias industrializadas. España e Galicia durante o auge do colonialismo.	Establecer xerarquías causais da evolución do imperialismo, identificando as potencias e a repartición de poder no mundo no último cuarto do século XIX e principios do XX.	<p>Razoa a relación entre o imperialismo, a xeopolítica mundial e as relacións económicas supranacionais.</p> <p>Establece interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.</p> <p>O mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución Rusa.</p> <p>Explicar os aspectos fundamentais da Gran Guerra e a Revolución Rusa, as súas consecuencias, e as súas interconexións.</p> <p>Comprende os aspectos básicos da Primeira Guerra Mundial e a orixe do novo mapa político de Europa.</p> <p>Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.</p>	<p>CSC CAA CCL</p>	√	
C D E I	O mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución Rusa.	Explicar os aspectos fundamentais da Gran Guerra e a Revolución Rusa, as súas consecuencias, e as súas interconexións.	<p>Comprende os aspectos básicos da Primeira Guerra Mundial e a orixe do novo mapa político de Europa.</p> <p>Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.</p>		√	

B C E I J	A época de Entre guerras: de 1919 a 1939. Os felices anos 20. A crise de 1929. O auxe dos fascismos.	Comprender os acontecementos, feitos e procesos máis i importantes do período de Entre guerras e analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.	<p>Contrasta diferentes interpretacións de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia verbo dos procesos máis importantes do período de Entre guerras.</p> <p>Contrasta a crise de 1929 con crises posteriores.</p> <p>Valora a loita da muller no movemento sufraxista.</p> <p>Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.</p>	<p>CSC CD CAA</p> <p>CSC CAA CCL CMCCT</p> <p>CSC CAA CSC CAA CCL</p>	√	
	A Segunda Guerra Mundial (1939-1945).	Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial e o contexto en que se desenvolveu o Holocausto, así como as súas consecuencias.	<p>Narra dunha forma fundamentada as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial a distintos niveis temporais e xeográficos.</p> <p>Interpreta as razóns da fin da Segunda Guerra Mundial a nivel europeo e mundial.</p> <p>Explica as fases do conflito coa axuda de mapas e outras representacións.</p> <p>Elabora un xuízo persoal do Holocausto e as súas consecuencias a partir de información procedente de diversas fontes.</p>	<p>CSC CD CAA CCL</p> <p>CSC CCL CAA</p> <p>CSC CD CAA CCL</p> <p>CSC CCEC CD CCL</p>	√	
B C Di J	O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra	Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao	<p>Explica as principais reformas durante a II República española e reaccións a elas.</p> <p>Explica as causas da Guerra Civil</p>	<p>CSC CCL</p>	√	

	Civil.	estoupido da Guerra Civil.	española CAA no contexto europeo e internacional.			
		Bloque 2: Economía				
A E H P I	Ingresos e gastos. Identificación e control. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	CAA CD CMCCT		√
A C p F I H	Planificación económico- financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.	Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa de acordo coas decisións tomadas e coa marcha da actividade económica nacional.	CAA CSIEE		√
A I J P	Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. Risco e diversificación.	Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	CAA CSC		√
A I P J	O diñeiro. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e	Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como	Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	CCL CMCCT CCL CAA		√

	<p>crédito.</p> <p>Relacións no mercado financeiro: información e negociación.</p> <p>Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.</p>	<p>medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.</p>	<p>Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.</p> <p>Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.</p> <p>Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.</p>	<p>CD</p> <p>CAA CD</p> <p>CCL CD CMCCT</p>		
<p>A C I P</p>	<p>O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.</p>	<p>Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.</p> <p>Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas</p>	<p>Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.</p>	<p>CAA CCL CMCCT</p>		<p>√</p>

6. NIVEL II, Módulo 4. Desenvólvese de febreiro a xuño.

OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO, COMPETENCIAS CLAVE

OBJECTIVOS	CONTIDOS	ESTÁNDARES	GRAO MÍNIMO	COMPETENCIAS CLAVE	SECUENCIACIÓN (1ª AVA – 2ª AVA)	
Bloque 1: A historia						
E G H I	A existencia dun mundo bipolar. A guerra fría	Analizar as relacións entre o bloque de EUA e a URSS para comprender o concepto da Guerra Fría.	<p>Interpreta a evolución dos EUA e da URSS e os seus aliados a partir de fontes literarias e audiovisuais.</p> <p>Utiliza fontes históricas e historiográficas para comprender e explicar conflitos da época da guerra fría.</p>	<p>CSC CAA CCL</p> <p>CSC CAA</p>	√	
B D G H I	O proceso de descolonización.	Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual	<p>Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.</p> <p>Distingue contextos diferentes do mesmo proceso. Por exemplo: África subsahariana (anos 50 e 60) e a India.</p>	<p>CSC CCL</p> <p>CSC CAA</p>	√	
	A evolución das grandes potencias: URSS e EUA: sociedade, política, economía e cultura.	Contrastar as vantaxes e inconvenientes da evolución económica, política, social e cultural dos grandes bloques políticos do século XX e as consecuencias inmediatas e posteriores.	<p>Relaciona a organización política coa evolución social, económica e cultural dos dous grandes sistemas socioeconómicos de finais do século XX.</p> <p>Desenvolve unha actitude crítica ante os diferentes enfoques dun mesmo feito histórico, analizando e contrastando as fontes de información.</p> <p>Sopesa as consecuencias positivas e os problemas que xeran as diferentes posturas para tomar decisións políticas</p>	<p>CSC CCL</p> <p>CSC CAA</p> <p>CSC CAA CCL</p>	√	

			e económicas.			
C D G H I N	A ditadura de Franco e a transición política de España cara á democracia.	<p>Analizar o establecemento da ditadura en España, a súa evolución e consecuencias.</p> <p>Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social na España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.</p>	<p>Describe a situación da posguerra durante a ditadura española na relación con outros contextos similares.</p> <p>Axuíza as consecuencias do réxime ditatorial en España no século XX.</p> <p>Elabora unha cronoloxía de acontecementos fundamentais da transición española.</p> <p>Valora os acertos do proceso de democratización en España.</p> <p>Analiza feitos e acontecementos conflitivos na España democrática</p>	<p>CSC CAA</p> <p>CAA CCL CSC CCL</p> <p>CSC CAA</p>	√	
E G H I	O mundo recente entre os séculos XX e XXI. A globalización. A revolución tecnolóxica. Consecuencias.	Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a revolución tecnolóxica. Consecuencias.	Busca na prensa novas sobre algún sector con relacións globalizadas e elabora argumentos a prol e en contra.	<p>CSC CD CCL CAA</p>		
Ad G H I	Distintas formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.	Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.	<p>Interpreta o renacemento e declive das nación no novo mapa político europeo da época.</p> <p>Comprende os pros e contras do estado de benestar.</p>	<p>CSC CAA</p> <p>CSC</p>	√	
A C D J I P	O derrubamento dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.	Coñecer as causas e consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.	Analiza os aspectos políticos, económicos e culturais despois dos cambios producidos polo colapso da URSS.	<p>CSC CAA CCL</p>	√	

A C D G I P	A constitución da Unión Europea	Describir a evolución da construción da Unión Europea.	Comprende as causas da constitución da Unión Europea. Discute sobre a situación actual da Unión Europea e o seu futuro.	CSC CCL CAA CSC CCL	√	
Bloque 2: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial						
A F I P	Autonomía e autoconecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional	Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.	Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	CSIEE CAA CD CAA CSIEE		√
A E F I P	Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de	Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional en relación coas habilidades	Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais e valorando a	CAA CSIEE		√

	decisións sobre o itinerario persoal.	persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.	<p>opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.</p> <p>Desenvolve habilidades sociais e actúa de acordo con actitudes e valores democráticos.</p> <p>Fórmase para mellorar o seu benestar individual e contribuír á cohesión social.</p>			
A C I P	<p>Dereito do traballo. Dereitos e deberes derivados da relación laboral. Contrato de traballo e negociación colectiva. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.</p>	<p>Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.</p>	<p>Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.</p> <p>Distingue os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.</p> <p>Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.</p> <p>Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito e indica os métodos de prevención legalmente</p>	<p>CSC CSIEE</p> <p>CSC CSIEE CMCCT</p> <p>CCL CSC CSIEE</p> <p>CSIEE CAA CMCCT</p>		√

			establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.			
--	--	--	---	--	--	--

7. Criterios de Avaliación, Cualificación e Titulación.

Desenvolvemento da avaliación

A avaliación forma parte do proceso educativo e valorará tanto o desenvolvemento como os resultados da aprendizaxe, co fin de verificar o progreso, detectar as dificultades e adoptar as medidas necesarias para que o alumnado poida continuar o proceso de ensino aprendizaxe.

Ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial.

A avaliación será formativa e continua, diferenciada segundo os distintos niveis en módulos que integran o currículo.

Se no proceso de avaliación continua obsevamos que o progreso da persoa adulta non responde aos obxectivos programados tomaremos as medidas oportunas para garantir a consecución dos obxectivos. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

O ENSINO PRESENCIAL É O QUE SE CONTEMPLA PERO DEIXAMOS OS OUTROS DOUS ESCENARIOS PARA SITUACIÓNS EXCEPCIONAIS.

Cualificación

Escenario 1: Ensino totalmente presencial (100% aula)

Un 50% da nota sería a verificación mediante probas escritas do cumprimento dos criterios de avaliación.

Un 25% da nota corresponderíase coa asistencia, actitude e participación na aula.

Un 25% da nota sería a realización e entrega de traballos, resumos de contidos, a realización de debates relacionados coa materia (incluíndo contidos transversais), a lectura de textos históricos e realización de exercicios.

Escenario 2: Ensino semipresencial (días aula + casa)

Un 50% da nota sería a verificación mediante probas escritas presenciais do cumprimento dos criterios de avaliación.

Un 25% da nota corresponderíase coa asistencia, actitude e participación na aula os días presenciais e nas conexións online os días non presenciais a través de Classroom e Whatsapp.

Un 25% da nota sería a realización e entrega de traballos, resumos de contidos, a realización de debates presenciais ou online relacionados coa materia (incluíndo contidos transversais), a lectura de textos históricos e realización de exercicios.

Escenario 3: Ensino 100% virtual

Un 50% da nota corresponderíase coa asistencia, actitude e participación nas conexións online a través de Classroom e Whatsapp.

Un 50% da nota sería a realización e entrega de traballos, resumos de contidos, a realización de debates online relacionados coa materia (incluíndo contidos transversais), a lectura de textos históricos e realización de exercicios.

MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E COMUNICACIÓN CO ALUMNADO EN CORENTENA OU OUTRA CAUSA.

No caso de alumnado en situación de corentena, os mecanismos de seguimento e comunicación empregados serán por medio de conexións online a través de diferentes aplicacións e plataformas dixitais como por exemplo Whatsapp, Classroom, correo electrónico, aula virtual, etc.

CRITERIOS DE TITULACIÓN NA ESA

A ORDE DO 20 DE MARZO DE 2018 introduce cambios na Titulación no ART. 43, punto 2.

1. Obterá o título de Graduado en ESO o alumnado que teña superado o módulo 4 de todos os ámbitos da educación secundaria para persoas adultas.

2. Excepcionalmente, titulará tamén o alumnado que sexa avaliado negativamente nun só dos ámbitos de coñecemento do módulo 4 se o equipo avaliador considera que ten adquiridas as competencias correspondentes e acadados os obxectivos establecidos para o ensino básico para as persoas adultas.

Según se aproba na Comisión de Coordinación Pedagóxica do 9 de outubro de 2018 enténdense por excepcionais as circunstancias nas que o profesorado do ámbito correspondente constata que o alumnado se esforzou por superar as ensinanzas e non se produciu o chamado 'abandono' das actividades lectivas.

Concretamente:

- a – O alumnado asistiu a clase regularmente.
- b – O alumnado non perdeu a avaliación continua.
- c – O alumnado presentouse a todas as convocatorias de avaliación existentes, incluídas as extraordinarias.
- d – O alumnado entregou as tarefas académicas pertinentes, demostrando dedicación e esforzó.

e – O alumnado demostra nas probas pertinentes que se esforzou, e non entrega tarefas ou exames en branco ou con escaso contido.

8. Metodoloxía

No punto 2 do artigo 67, a mencionada lei orgánica establece que a organización e a metodoloxía destas ensinanzas se basearán na auto aprendizaxe e terán en conta as experiencias, necesidades e intereses das persoas adultas. Igualmente, no punto 7 dese mesmo artigo afírmase que as ensinanzas das persoas adultas se organizarán cunha metodoloxía flexible e aberta, de modo que respondan ás súas capacidades, necesidades e intereses; e no seu artigo 68, establece que as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e os coñecementos correspondentes á educación básica contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades.

A isto engadiremos que as persoas adultas, cando chegan ao centro educativo, dispoñen dunha gran cantidade de información e de experiencias sobre o mundo que as rodea.

O ámbito social, dentro da Educación Secundaria para persoas adultas, é un marco privilexiado para a posta en cuestión e discusión de todas esas información e saberes, experiencias e valores que o adulto leva como bagaxe inseparable da súa propia vida.

De aí que cando se planifique o ensino neste contexto, haberá que partir dunha análise das maneiras ou medios metodolóxicos xerais máis adecuados, atendendo á tipoloxía do alumnado, das experiencias previas con que accede ao sistema educativo, respectando os procesos evolutivos da vida adulta, así como os ritmos e estilos de aprendizaxe individuais.

Toda proposta metodolóxica debe considerar que a educación é un proceso social polo que se lle transmite ao alumnado unha determinada cultura, xa que todas as sociedades transmiten explicitamente, mediante a educación, os seus costumes e modos de pensamento. Polo tanto, as liñas metodolóxicas Terán en conta a gran diversidade das realidades de cadaquén, serán abertas á participación e promoverán actitudes tanto críticas e de diálogo que permitan abrir vías de relación entre persoas que proceden de contornos cun patrimonio cultural propio.

9. Materiais e recursos.

Usaremos todo tipo de materiais e recursos que nos sirvan para unha mellor comprensión dos contidos: fotocopias de libros de texto, apuntamentos elaborados polo profesorado, material gráfico: filminas, reproducións de obras de arte en libros, mapas, consultas na rede, etc.

O profesorado tratará sempre de adaptarse ao tipo de alumnado de cada curso e terá en conta o seu grao de diversidade ao respecto dos materiais e recursos

10. Programa de reforzo e recuperación

Durante o curso o profesorado fará exames de recuperación sempre que o estime pertinente Sinalar que debido a que esta programación é para adultos non cabe a posibilidade de recuperar materias pendentes na aula.

Ao respecto das probas extraordinarias faranse en cumprimento coa lei.

11. Medidas de atención á diversidade

A ESA é xa en por si un ensino diverso xa que en ambos e dous módulos que impartimos o alumnado dista de ser homoxéneo; acollemos xentes de diferentes idades coñecementos e con historias persoais e académicas moi

diferentes de aí que o profesorado procura formular as diferentes actividades con diferente grao de complexidade en función dos recursos cognitivos necesarios para realizalas cunha dobre finalidade:

- Atender á diversidade dentro da aula e permitir unha autoavaliación axeitada e unha motivación progresiva cara a niveis de maior complexidade

12. Actividade complementarias e extraescolares

A ESA é un tipo de ensino diferente na súa concepción ao diúrno, esta é a razón pola que as actividades extraescolares son difíciles de organizar. A maioría dos alumnos e alumnas carece de tempo para participar nelas. Con todo o profesor/a, sempre que sexa posible, organizara visitas culturais relacionadas co curriculum que imparte e animará aos alumnos e alumnas a asistir a todo tipo de actividades culturais relacionadas coa materia.

Ao respecto do “Proxecto lector” desde este ámbito contribuirase ao desenvolvemento do proxecto coa lectura de textos de índole histórica.

Naturalmente o profesorado de ESA informará puntualmente na aula de todas aquelas noticias e disposicións que sexan de interese do alumnado.

Ao remate de cada sesión de avaliación reunirase o departamento para avaliar os resultados acadados do alumnado